



DATOS IDENTIFICATIVOS

Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas

Materia	Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas			
Código	O02M066V06105			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación Educativa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Ocampo Gomez, Camilo Isaac			
Profesorado	Ocampo Gomez, Camilo Isaac			
Correo-e	cocampo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
A3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A5	Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo.
A6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
A7	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.
A8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
A10	Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.
A11	Desenvolver as funcións de tutoría e orientación dos estudantes de maneira colexiada.
A12	Participar na avaliación, investigación e a innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación.

A13	Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino.
A14	Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época.
A15	Informar e asesorar ás familias achega do proceso de ensino e aprendizaxe e sobre a orientación persoal, académica e profesional dos seus fillos.
A16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
A17	Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional.
A18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidas.
A20	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
A21	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A22	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
A24	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
A25	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional.
A26	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
A27	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A30	Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
A31	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.
A32	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A37	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A38	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A39	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A40	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A41	Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A42	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A43	Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A44	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A48	Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A49	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
B1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
B2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
B3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Coñecer as bases teórico-legais da orientación no sistema educativo	saber	A8 A11 A13 A15 A18 A24 A25 A26 A32 A43 B1 B3

2. Comprender a relación existente entre os distintos modelos de orientación psicopedagóxica e o sistema educativo	saber saber facer	A1 A11 A13 A14 A16 A18 A21 A24 A25 A27 A31 A38 A42 A43 A44 A48 B1 B2 B3
3. Analizar criticamente o modelo institucional de orientación existente na Comunidade Autónoma de Galicia	saber saber facer	A5 A6 A7 A8 A11 A12 A13 A15 A16 A17 A22 A25 A30 A31 A40 A41 A43 B1 B3
4. Diseñar un Plan de Orientación Académica e Profesional para educación secundaria	saber facer Saber estar / ser	A3 A6 A7 A10 A11 A15 A16 A21 A25 A27 A31 A37 A42 A49 B1 B2
5. Valorar a orientación educativa como un factor de importancia para a calidade da educación	Saber estar / ser	A11 A15 A16 A17 A20 A22 A26 A30 A39 B2

Contidos

Tema

1. Bases teórico-legais da orientación educativa	1.1. Orientación psicopedagóxica: dimensións, principios, contextos, funcións e procesos. 1.2. Leis, e disposicións que as desenvolven, en materia de orientación educativa.
2. Modelos de orientación psicopedagóxica	2.1. Modelos teóricos. 2.2. Modelos de intervención orientadora. 2.3. Modelos institucionais.
3. O modelo institucional da Comunidade Autónoma de Galicia.	3.1. Departamentos de Orientación nos centros. 3.2. A función tutorial do profesorado. 3.3. Os equipos de orientación específicos.
4. Planificación e avaliación da función orientadora	4.1. Deseño de programas de orientación: etapas 4.2. Deseño do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) 4.3. Avaliación de necesidades, avaliación do deseño e da aplicación e resultados dun POAP

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Estudos/actividades previos	0	6	6
Sesión maxistral	4	4	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Estudo de casos/análises de situacións	2	8	10
Debates	3	3	6
Traballos tutelados	2	13	15
Presentacións/exposicións	3	8	11
Probas de autoavaliación	4	0	4
Probas de resposta curta	1	0	1
Traballos e proxectos	1	20	21
Cartafol/dossier	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (avaliación inicial) así como a presentar a materia de Orientación. Base legal, Composición, Plans e Programas
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación (incluída a bibliográfica) que se realizarán de forma autónoma por parte do alumnado. A biblioteca do Campus debe considerarse un recurso de uso necesario.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado. Resulta fundamental que as explicacións sirvan para axudar a comprender en termos legais e conceptuais o modelo institucional de orientación educativa e profesional que se acha vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Empregarase como complemento da lección maxistral. Os problemas que poden propoñerse son os que normalmente se lle presentan aos departamentos de orientación dos centros con etapas de educación secundaria
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito ou problema real relacionado coa orientación psicopedagóxica coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Supón a aplicación dos conceptos teóricos e legais que se imparten na materia.
Debates	Charla aberta entre un grupo de estudantes centrado nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso ou no resultado dun problema. Esta estratexia empregarase con frecuencia como medio de lograr a participación do alumnado e impulsar a construción do coñecemento dentro da aula.
Traballos tutelados	Elaboración dun documento sobre orientación psicopedagóxica ou preparación de investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, videos, etc. Constiúe unha actividade autónoma do estudante que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción e exposición do resultado e que conta coa axuda e o seguemento do profesorado. Constiúe un elemento importante para a avaliación do alumnado e, xunto coa súa exposición, posúe un peso importante na súa cualificación
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, problema, exercicio, proxecto ou estudo de caso, normalmente tutelados polo profesorado. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo e xunto coa elaboración e resultado do traballo como tal posúe un peso importante na cualificación do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Axuda, dentro da aula ou en sesións de titoría, a persoas ou a equipos de traballo, para crear enunciados, interpretalos, determinar o alcance dos mesmos e buscar alternativas de solución a un problema tendo en conta documentación bibliográfica e webgráfica. De igual modo para redactar un traballo e/ou expoñelo na clase cos medios axeitados. Orientación na elaboración dun portafol de actividades realizadas, de forma que o seu formato poida ter aplicación para facer un (portafol) de búsqueda de emprego, onde as competencias adquiridas posúen grande importancia.
Estudo de casos/análises de situacións	Axuda, dentro da aula ou en sesións de titoría, a persoas ou a equipos de traballo, para crear enunciados, interpretalos, determinar o alcance dos mesmos e buscar alternativas de solución a un problema tendo en conta documentación bibliográfica e webgráfica. De igual modo para redactar un traballo e/ou expoñelo na clase cos medios axeitados. Orientación na elaboración dun portafol de actividades realizadas, de forma que o seu formato poida ter aplicación para facer un (portafol) de búsqueda de emprego, onde as competencias adquiridas posúen grande importancia.
Traballos tutelados	Axuda, dentro da aula ou en sesións de titoría, a persoas ou a equipos de traballo, para crear enunciados, interpretalos, determinar o alcance dos mesmos e buscar alternativas de solución a un problema tendo en conta documentación bibliográfica e webgráfica. De igual modo para redactar un traballo e/ou expoñelo na clase cos medios axeitados. Orientación na elaboración dun portafol de actividades realizadas, de forma que o seu formato poida ter aplicación para facer un (portafol) de búsqueda de emprego, onde as competencias adquiridas posúen grande importancia.
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Axuda, dentro da aula ou en sesións de titoría, a persoas ou a equipos de traballo, para crear enunciados, interpretalos, determinar o alcance dos mesmos e buscar alternativas de solución a un problema tendo en conta documentación bibliográfica e webgráfica. De igual modo para redactar un traballo e/ou expoñelo na clase cos medios axeitados. Orientación na elaboración dun portafol de actividades realizadas, de forma que o seu formato poida ter aplicación para facer un (portafol) de búsqueda de emprego, onde as competencias adquiridas posúen grande importancia.
Traballos e proxectos	Axuda, dentro da aula ou en sesións de titoría, a persoas ou a equipos de traballo, para crear enunciados, interpretalos, determinar o alcance dos mesmos e buscar alternativas de solución a un problema tendo en conta documentación bibliográfica e webgráfica. De igual modo para redactar un traballo e/ou expoñelo na clase cos medios axeitados. Orientación na elaboración dun portafol de actividades realizadas, de forma que o seu formato poida ter aplicación para facer un (portafol) de búsqueda de emprego, onde as competencias adquiridas posúen grande importancia.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Actividades introductorias	Proba de avaliación inicial de formato Likert para dar respostas sobre o acordo de cada quen con determinados enunciados	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	Solventar con acerto traballando en equipo de menos de 4 persoas situacións problemáticas que se producen/poden producirse nos centros e na que ten competencia o departamento de orientación do mesmo e que se formularán como actividades de ensinanza-aprendizaxe no curso de mestrado.	10
Estudo de casos/análises de situacións	Expoñer por escrito de xeito completo e rigoroso, tralo correspondente estudo en equipo, dun caso que se proporá na aula a partir da lexislación actual en materia de orientación e titoria na educación secundaria	10
Traballos tutelados	Contido, estrutura, oportunidade e actualidade das citas, profundidade no tratamento da cuestión, orixinalidade das solucións aportadas, rigor das conclusións y precisión nas citas bibliográficas.	15
Presentacións/exposicións	Dalgún traballo realizado individualmente ou en grupo (2 persoas) que deberá ser exposto ante os demais membros da clase coa axuda dos medios audiovisuais correspondentes, tendo que dar resposta a continuación a cuestións formuladas polo profesorado e/ou alumnado presente.	15
Probas de autoavaliación	Autocualificación nun traballo ou nun exercicio a partir dos criterios correspondentes tendo en conta as competencias y os obxectivos da materia.	8
Probas de resposta curta	Resposta a 2 probas semiobxectivas ou obxectivas que se formularán ao final dalgún tema ou traballo realizado.	10
Traballos e proxectos	Realizar un plan de orientación académica e profesional tendo en conta os principios da orientación, os modelos teóricos, de intervención e institucionais vixentes paraun centro de secundaria.	15
Cartafol/dossier	Elaboración dun documento elaborado polo estudante que recopile información e reflexións sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe nesta materia.	15

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A asistencia é obrigatoria, polo que quen perda máis dun 15% da mesma deberá realizar unha proba de exame que constará de 10 cuestións de resposta concreta sobre os contidos da materia que se xulgará conforme aos criterios de logro das competencias e obxectivos da mesma.

2. A proba terá lugar nas datas e horas que se sinalen pola dirección do mestrado.

Bibliografía. Fontes de información

1. AIOEP (2003). *Competencias internacionais para los profesionales de la orientación*. Recuperado de <http://www.iaevg.org/>
2. AIOEP (2006). *Hoja informativa de la Asociación Internacional para la Orientación Educativa y Profesional*, nº 55. Recuperado de <http://www.iaevg.org/crc/files/newsletters/Newlet55sp.doc>
3. Bisquera, R. (Coord.). (2006). *Modelos de Orientación e Intervención Psicopedagógica*. Las Rozas: Wolters Kluwer España (5ª edición).
4. Calvo, C. (2008). La orientación a lo largo de la vida. En J. L. Soler (Coord.), *Actas del III encuentro nacional de orientadores y I encuentro internacional virtual de orientación. Por una Orientación a lo largo de la vida*. Zaragoza: Mira.
5. CIDE (2009). *Orientación Educativa, fundamentos teóricos, modelos institucionales y nuevas perspectivas*. Madrid: Ministerio de Educación, Política social y Deporte (2ª edición). Recuperado de <http://www.mepsid.es/cide/>
6. Cortés, A. (2009). Orientación permanente y aprendizaje a lo largo de la vida. En L. Sobrado y A. Cortés (Coords.), *Orientación Profesional. Nuevos escenarios y perspectivas*. Madrid: Biblioteca Nueva, pp 243-262.
7. Decreto 120/1998, de 23 de abril, por el que se regula la Orientación Educativa y Profesional. Santiago de Compostela: Diario Oficial de Galicia nº 106, 27 de abril de 1998.
8. Graña, V. (2013). *Manual legislativo do ensino non universitario galego (4ª edición)*. A Coruña: Venacio Graña.
9. Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, Boletín Oficial do Estado, 238, 1(1990).
10. Lei Orgánica de Educación, Boletín Oficial do Estado, 106, 1(2006).
11. Orde de 24 de xullo de 1998, pola que se desenvolve o decreto 120/1998 polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional, Diario Oficial de Galicia de 31 de xullo de 1998.
12. Sobrado, L. e Ocampo, C. I. (2000). *Evaluación psicopedagógica y orientación educativa*. Barcelona: Estel. Sobrado, L., Fernández, E. e Rodicio, M. L. (Coords.) (2012). *Orientación Educativa. Nuevas perspectivas*. Madrid: Biblioteca Nueva.

Recomendacións
